



## CONCELLO DE PONTECESURES

# B A N D O

### JUAN MANUEL VIDAL SEAGE, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESURES

#### FAI SABER:

Que, con motivo da situación e evolución da crise provocada polo COVID-19, e tendo en conta o impacto causado na poboación, este Concello adoptou as seguintes **medidas de carácter social**:

- 1) Simplificación do trámite das **Axudas Municipais de Emerxencia Social ordinarias cofinanciadas pola Deputación Provincial**: destinadas ao pago de gastos de aluguer da vivenda, recibos de subministros básicos, gastos médico-farmacéuticos, electrodomésticos básicos, produtos de apoio, lentes ... para persoas e unidades familiares cuns ingresos inferiores ao 50% do IPREM de renda per cápita.
- 2) **Axudas extraordinarias de emerxencia social pola situación de emerxencia sanitaria pola COVID-19**: dirixidas a persoas con ingresos insuficientes e ás que perderon ou viron moi reducidos os seus ingresos por mor do cese de actividades como consecuencia do Estado de Alarma. Os trámites están simplificados e realízanse de xeito telemático.
  - a) **De adquisición de produtos básicos**: Consiste nunha axuda económica que se fai efectiva mediante a retirada de produtos básicos (alimentación, hixiene persoal e do fogar) do establecemento comercial ata o límite do importe establecido en función do número de persoas que integren a unidade familiar de convivencia (100€ para 1 persoa, 150€ para dúas persoas, cun incremento adicional de 30€ por persoa que integre a unidade de convivencia).
  - b) **Para sufragar gastos e débedas para a cobertura de necesidades persoais xurdidas durante o estado de Alarma.**
  - c) **Entrega de material de protección** (máscaras) a persoas especialmente vulnerables ao Coronavirus SARS-19 e, se fora o caso, material de protección para persoas cuidadoras en cuxa unidade familiar haxa algunha persoa infectada por COVID-19.



## CONCELLO DE PONTECESURES

- 3) **Servizo de Apoio a persoas vulnerables ao COVID-19 mediante a realización da compra de produtos de alimentación e medicamentos:** unha empregada municipal realiza a compra para as persoas que non poden saír do domicilio.
- a. **Servizo Temporal e Extraordinario de Axuda no Fogar** para a atención TEMPORAL e URXENTE das persoas que o precisen durante o mantemento da situación actual de Emerxencia Sanitaria e de Estado de Alarma motivada polo COVID-19; é dicir persoas con limitacións de autonomía persoal e aquelas que se viron afectadas polos peches dos Centros de Día de Maiores e centros para persoas con discapacidade.
- 4) **Apoio ao alumnado do CPI "Infesta":** en coordinación co equipo directivo do centro educativo, o concello está a realizar as seguintes tarefas:
- i.) Entrega de materiais impresos a alumnos con dificultades especiais.
  - ii.) Reparto de libros dos alumnos de primaria.
  - iii.) Reparto de equipos informáticos, incluíndo tabletas e portátiles con conexión a internet a familias con necesidades específicas, segundo criterios establecidos polo profesorado.

Ademais a traballadora social está a atender no **Servizo Social Comunitario de 9 a 14 horas todos os días laborables**, para valorar calquera situación na que se precise apoio e realizar a tramitación das prestacións sociais existentes que sexan de aplicación.

PONTECESURES, 30 DE ABRIL DE 2020  
O ALCALDE  
JUAN MANUEL VIDAL SEAGE